



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TEO

Aprobación bases convocatoria subvencións igualdade 2026

EDICTO

A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 1 de xuño de 2026, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/23), acorda:

Primeiro.- Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades para o fomento da igualdade entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero para **2026**, que se reflicten de seguido.

Segundo.- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES PARA O FOMENTO DA IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO. EXERCICIO 2026

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria está dirixida a subvencionar programas e actividades que persigan o fomento da igualdade entre homes e mulleres e de prevención e loita contra a violencia de xénero organizadas ou promovidas por asociacións veciñais de igualdade e benestar durante ano 2026, con cargo á partida 231/480.00 do Orzamento de 2026, por un importe total de 10.000,00 euros.

2ª.-BENEFICIARIOS/AS

1.-Serán beneficiarias as asociacións veciñais, de mulleres, de igualdade ou de benestar con ámbito de actuación no termo municipal do Concello de Teo que desenvolvan actividades que para esta convocatoria entenderanse:

Promoción da igualdade entre homes e mulleres,

- Actividades de sensibilización e fomento da igualdade de oportunidades e trato entre mulleres e homes.
- Obradoiros en materia de igualdade, coeducación e prevención da violencia de xénero.
- Actividades que fomenten a corresponsabilidade familiar e o cambio de condutas en materia de conciliación, responsabilidade doméstica e de coidado.

• Accións relacionadas coa saúde da mulleres e o seu benestar xeral: obradoiros, charlas, cursos ou conferencias sobre hábitos de vida saudables; detección precoz de enfermidades; trastornos da alimentación; relacións afectivo-sexuais; autoestima e imaxe corporal; fomento da práctica de actividades físicas...

- Formación en linguaxe non sexista.
- Campañas a prol do xoguete non sexista. Actividades de sensibilización sobre os efectos dos xoguetes sexistas nos nenos e nas nenas.
- Accións de apoio á lactación materna.
- Actividades de información e sensibilización sobre roles e estereotipos de xénero, a súa repercusión na vida de mulleres e homes no espazo público e privado.
- Accións sobre educación na igualdade, dereitos, servizos e recursos para as mulleres.
- Actividades para facer visible o papel das mulleres na historia, na arte, literatura, política, ciencia, deporte...
- Actividades que promovan a participación dos homes de todas as idades na consecución da igualdade real.

Prevención e loita contra a violencia de xénero:

- Actividades de formación/información, sensibilización e prevención da violencia de xénero: obradoiros de formación na violencia de xénero; actos ou campañas de sensibilización; actos conmemorativos do 11 de febreiro, Día internacional da muller e a nena na ciencia; 8 de marzo, Día Internacional da muller; 25 de novembro Día internacional para combater a violencia de xénero...

- Calquera outra acción dirixida á erradicación da violencia de xénero.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades subvencionadas (campañas, cursos, talleres, xornadas, seminarios, obradoiros, charlas, publicidade) e sexan realizados durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2025.

2. As actividades excluídas destas subvencións e que non poderán ser obxecto da mesma son:

a) As actividades para as que se solicitara subvencións noutras áreas ou departamentos do Concello, ou aquelas outras que teñan unha vía máis específica de subvención en ditas áreas ou departamentos (actividades ocupacionais diversas).

b) Viaxes de carácter lúdico ou cultural.

c) Festas e outras actividades semellantes.

d) Alugueiro de locais e mantemento destes.

e) Compra de bens inventariables.

f) Gastos estruturais da entidade beneficiaria.

g) Pinchos, cafés ou gastos similares.

h) Adquisición de obsequios e agasallos.

En ningún caso serán subvencionables os seguintes gastos:

- As viaxes e os gastos de comidas ou restauración.
- Premios de concursos e sorteos.
- Os establecidos no artigo 31.7 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

3. Para ser beneficiarias das axudas as entidades veciñais deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Teo.
- Ter os seus estatutos adaptados á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.
- Non estar incursas as entidades ou as persoas que posúen a súa representación legal nalgún dos supostos de prohibición para obter a condición de beneficiarios de subvencións por incapacidade ou incompatibilidade, establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Estar ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria, e non ser debedor do Concello de Teo por calquera tipo de débeda de dereito público vencida, líquida e esixible por vía de prema.
- Ter debidamente xustificadas os gastos correspondentes a subvencións concedidas e percibidas con anterioridade dende o Concello de Teo, así como non ter aberto ningún procedemento de reintegro das cantidades percibidas por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

· Achegar coa solicitude para concorrer na convocatoria a documentación que se detalla nestas bases reguladoras.

As asociacións beneficiarias das axudas adquiren as seguintes obrigas:

- Realizar as actividades ou proxectos e cumprir os fins ou propósitos que fundamentan a concesión da subvención.
- Comunicar ao Concello de Teo o inicio das mesmas.
- Acreditar diante do Concello de Teo a realización da actividade, proxecto e cumprimento do seu fin. Deberá comunicarse calquera cambio que se faga en actividades subvencionadas en canto a horario, frecuencia, ou calquera outra alteración substancial da mesma.
- Facer constar en toda a publicidade e difusión das actividades e programas subvencionados a colaboración do Concello de Teo.
- Cumprir as condicións que se determinan nestas bases e na concesión da subvención ou axuda.
- Someterse ás actuacións de comprobación dos servizos correspondentes por razón da materia e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral do Concello de Teo.
- Comunicarlle ó Concello de Teo a obtención de axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración pública ou de particulares ou entidades privadas, así como doutros ingresos ou recursos que financien a actividade.

Non poderán ter a condición de beneficiarios aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 13.2 da Lei 38/2003.

3ª.-LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1) A solicitude normalizada da convocatoria (Anexo I) xunto coa documentación que se indicada, deberán presentarse, seguindo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, por medios electrónicos. A presentación de toda a documentación deberá facerse na sede electrónica do Concello de Teo (<http://sede.teo.gal>). De igual forma, esta obriga de presentación electrónica mantense durante toda a tramitación do expediente.

A documentación que acompañará á solicitude:

a) Documento asinado polo/a representante da entidade facendo constar as actividades desenvolvidas e as prazos ofertadas para a mesma.

b) Copia cotexada do CIF, so necesaria no caso de non estar depositada no Concello.

c) Certificación bancaria que acredite a titularidade da conta onde se efectuarán os pagamentos.

d) Declaración xurada conforme o solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

e) Os anexos coa memoria da actividade e xustificación da mesma (anexos II a IV)

2) O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

No caso de solicitudes defectuosas ou incompletas, concederase un prazo de 5 días naturais para a súa corrección, arquivándose sen máis trámites de non se emendaren os defectos en dito prazo.

A convocatoria de subvencións farase pública no taboleiro de edictos do Concello.

4ª.-IMPORTES MÁXIMOS DAS SUBVENCIÓNS

En ningún caso o importe máximo da subvención de cada solicitante superará o 60% do orzamento da entidade ou asociación para as actividades obxecto da solicitude. Cada entidade indicará o importe máximo que poderá xustificar para esta subvención, non podendo concederlle un importe superior.

O importe da axuda ou subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que illada ou en concorrencia con outras axudas ou subvencións supere o custo da actividade subvencionada.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á súa percepción en futuras convocatorias.

Ningunha entidade poderá obter unha subvención superior ao 30% da contía global.

5ª.-ÓRGANO COMPETENTE E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

As solicitudes dirixiranse á Concelleira delegada de Igualdade nos prazos indicados nas presentes Bases.

Os servizos sociais comunitarios serán o órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución.

As valoracións das solicitudes e a formulación das correspondentes propostas de concesión de subvencións realizará unha Comisión de Valoración constituída para o efecto, que terá a seguinte composición:

- Presidente: A concelleira da área de Igualdade.
- A psicóloga do CIM.
- Concelleira/o de Servizos Sociais do Concello de Teo.

A comisión será a encargada de requirir das persoas solicitantes a emenda de deficiencias nas solicitudes presentadas. O técnico da comisión encargarse igualmente de requirir a subsanación na conta xustificativa, concedendo un prazo de 3 días naturais para subsanar. Ademais elaborará un informe de cada unha das solicitudes presentadas no que se fará constar:

- Nome da entidade
- Se está ou non completa a documentación do expediente, con expresión da data da finalización do prazo de presentación, no seu caso
- Se cumpre os requisitos da convocatoria, con indicación expresa dos que non cumpre de ser o caso.

Esta Comisión elevará unha proposta de concesión á Xunta de Goberno Local previo informe da Intervención municipal. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

6ª.-TRAMITACIÓN E VALORACIÓN DE SOLICITUDES

Establécense como criterios de valoración das solicitudes do réxime de concorrencia competitiva os seguintes:

CRITERIOS COMÚNS PARA TODAS AS ACTIVIDADES DUNHA ENTIDADE	ATA 25 PUNTOS
Nivel de representatividade da asociación no seu territorio (número de socios/as censados no concello de Teo)	Ata 10 puntos
Nivel de colaboración e participación coas actividades de dinamización organizadas polo Concello de Teo	Ata 10 puntos
Pola primeira actividade	Ata 5 puntos
CRITERIOS TRANSVERSAIS	ATA 35 PUNTOS
Nivel de colaboración con outras entidades cidadás para o desenvolvemento da actividade	Ata 5 puntos
Promoción da participación cidadá e dinamización comunitaria, actividade destinada a implicación social	Ata 10 puntos
Déficit de actividades análogas no territorio de influencia	Ata 10 puntos
Promoción da lingua galega como obxectivo no desenvolvemento da actividade	Ata 5 puntos
Grao de innovación da actividade	Ata 10 puntos

7ª.- RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS

A resolución da concesión deberá notificárselles expresamente a todas as asociacións solicitantes de forma fidedigna. En dita resolución indicáranse as actividades subvencionables de acordo da base 2ª desta convocatoria.

8ª.-COMPROMISOS

As entidades subvencionadas ao abeiro destas bases quedarán obrigadas a colaborar co Concello naquelas actividades que este organice cando lle sexa requirido e farán constar na súa publicidade o patrocinio do Concello de Teo.

9ª.-XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCÍONS

A entidade beneficiaria da subvención estará obrigada a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos, antes do día 20/11/2026.

A xustificación dos gastos conforme coa fin para a que a axuda foi concedida deberá realizarse mediante a achega da conta xustificativa, **deberá incluír:**

- Facturas orixinais polo importe total da subvención concedida ó abeiro do establecido no artigo 30.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro (Lei xeral de subvencións e o seu regulamento). Poderase xustificar con copias compulsadas sempre que previamente na factura orixinal se inclúa a seguinte dilixencia asinada polo responsable da entidade veciñal: **ESTA FACTURA FOI PRESENTADA COMO XUSTIFICACIÓN DE GASTO SUBVENCIONABLE NO CONCELLO DE TEO**.

- Xustificantes do pagamento das facturas:
 - No caso do pagamentos mediante transferencia bancaria: xustificante bancario.
 - No caso de pagamentos por cheque nominativo: copia do cheque e extracto bancario onde conste o seu cargo na conta da entidade veciñal.

- Declaración xurada sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración pública ou de particulares ou de entidade privadas.

- Designación da conta bancaria na que se efectuarán os ingresos, segundo as normas establecidas pola Tesourería municipal. O modelo atópase na páxina web www.teo.gal, sección de Administración: Trámites: Descarga de impresos: Tesourería: Alta ou baixa de datos bancarios.
- Certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter tributario, da Seguridade Social e dos tributos municipais. De conformidade co disposto no artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, os certificados de atoparse ao corrente con Facenda e a Seguridade Social poderán substituírse por unha declaración responsable cando o importe da subvención non supere os 3.000€. O solicitante neste punto deberá comprometerse a manter o seu cumprimento durante o periodo de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

Por outra parte, o solicitante poderá conceder autorización ao concello para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación de atoparse ao corrente con Facenda e coa Seguridade Social a través de certificados telemáticos, en cuxo caso o solicitante non deberá aportar a correspondente certificación.

- Memoria económica, indicativa de todos os ingresos e gastos relacionados con cada actividade subvencionada, segundo anexo III
- Relación clasificada dos gastos por cada unha das actividades subvencionadas, con identificación do acredor e da factura ou documento equivalente, do seu importe, da data de emisión e da data de pagamento, de acordo co disposto no artigo 75 do R.d. 887/2006, do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións.
- Relación detallada por cada unha das actividades dos ingresos da entidade Anexo IV
- Relación de ingresos da entidade segundo anexo V
- Memoria descritiva da totalidade das actividades subvencionadas. Conterá todos os datos da súa realización, participantes, docentes, horarios, lugar, duración e valoración. Se hai unha desviación do proxecto presentado, xustificarse o cambio.

Admitiranse como gastos subvencionables os seguintes:

1. Gastos de publicidade e difusión: imprenta, serigrafía, etc. (achegarse copia de materiais)
2. Gastos de materiais consumibles específicos das actividades
3. Asistencias técnicas: monitores/as, docencia, etc.
4. Outros gastos relacionados coas actividades executadas.

Para o abono do importe das subvencións económicas concedidas, será imprescindible acreditar polos perceptores/as a aplicación efectiva dos fondos percibidos con destino á finalidade que motivou a concesión mediante a presentación da seguinte documentación:

As subvencións xustificaranse antes do 20/11/2026. A non presentación da conta xustificativa dentro do prazo citado dará lugar á perda da subvención.

Non serán gastos subvencionables:

- Os xuros debedores de contas bancarias.
- Os xuros, recargos e sancións administrativas.
- Os gastos de procedementos xudiciais.

O pagamento realizarase unha vez que os e as beneficiarias xustifiquen os gastos ocasionados na execución das actividades subvencionadas, sempre dentro do prazo sinalado no punto e). e despois da fiscalización da conta xustificativa pola Intervención Municipal e posterior aprobación da mesma pola Alcaldía, quen ordenará o pago.

O coeficiente de financiamento será 1, de xeito que, cando se presenten xustificantes por importe inferior ao concedido na achega, esta verase reducida proporcionalmente.

10ª.-CONTROL DA APLICACIÓN DO GASTO E RÉXIME SANCIONADOR

Os servizos sociais comunitarios poderá solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.

Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, os perceptores destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas para o suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

11ª.-RÉXIME XURÍDICO

Nos aspectos non especificados nestas bases, as presentes axudas regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O que se fai público aos efectos da apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións polas persoas ou entidades que correspondan, tal e como se recolle nas indicadas Bases.

12ª.- COMPROMISO DE PUBLICIDADE

As entidades que sexan destinatarias das axudas recollidas nestas bases deberán sinalar na publicidade das actividades realizadas durante o ano 2025 a seguinte lenda “co apoio do Concello de Teo”, seguido da imaxe corporativa oficial do mesmo.

Teo, 21 de maio de 2026.

A concelleira delegada de Igualdade.

María Vázquez Rey

CONCELLO DE TEO**SUBVENCIÓN ACTIVIDADES DE IGUALDADE****ANO 2026****ANEXO I - SOLICITUDE****DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE****NOME DA ENTIDADE (Nome completo e/ou abreviatura)****CIF:**

--	--

ENDEREZO**CP:**

--	--

TELÉFONO/S

--

ENDEREZO ELECTRÓNICO:

--

NOME E APELIDOS DA PERSOA QUE REPRESENTA Á ENTIDADE**NIF**

--	--

Nº DE CONTA BANCARIA**TITULAR DA CONTA**

--

Nº DE CONTA (con IBAN - 24 díxitos)

--

DECLARACIÓN XURADA

Declaro baixo a miña responsabilidade que a entidade á que represento:

- 1) Coñece e acepta as bases reguladoras que rexen a presente convocatoria de subvencións
- 2) Que achego, xunto con esta solicitude, a documentación xeral e específica recollida nas bases reguladoras da presente convocatoria
- 3) Que a entidade que represento está ao corrente nas súas obrigas tributarias e da seguridade social
- 4) Que os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos

CONCELLO DE TEO**SUBVENCIÓN ACTIVIDADES DE IGUALDADE****ANO 2026****ANEXO II - MEMORIA DA
ACTIVIDADE****DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

ENTIDADE	CIF
ENDEREZO	CP
TELÉFONO/S	
ENDEREZO ELECTRÓNICO.	
REPRESENTANTE	NIF
Nº DAS PERSOAS SOCIAS E CENSADAS EN TEO (achegar listaxe tamén) :	

ACTIVIDADE (Nome do proxecto)

DESCRICIÓN (No caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte)

DATA/S DE REALIZACIÓN**PERSOAS DESTINATARIAS**

ORZAMENTO:**Gastos:****Ingresos previstos:****Contía solicitada:****ACTIVIDADE (Nome do proxecto)****DESCRICIÓN****(No caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte)****DATA/S DE REALIZACIÓN****PERSOAS DESTINATARIAS****ORZAMENTO:****Gastos:****Ingresos previstos:****Contía solicitada:****ACTIVIDADE (Nome do proxecto)****DESCRICIÓN****(No caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte)**

DATA/S DE REALIZACIÓN
PERSOAS DESTINATARIAS
ORZAMENTO:
Gastos:
Ingresos previstos:
Contía solicitada:

ACTIVIDADE (Nome do proxecto)	
DESCRICIÓN	(No caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte)
DATA/S DE REALIZACIÓN	
PERSOAS DESTINATARIAS	
ORZAMENTO:	
Gastos:	
Ingresos previstos:	
Contía solicitada:	

ACTIVIDADE (Nome do proxecto)	
DESCRICIÓN	(No caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte)

CONCELLO DE
TEO

SUBVENCIÓN A ENTIDADES DE
IGUALDADE

ANO 2026

ANEXO III - XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

RESUMO DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

ENTIDADE:

CIF:

NOME DA ACTIVIDADE:

TIPO DE ACTIVIDADE - BREVE DESCRICIÓN (indicar nº de persoas participantes)	DATA	Ingresos	Gastos	Subvención

Teo, de

A/O presidenta/e
Asdo.

de
A/O
tesoureira/
o

Alcaldesa do Concello de Teo

CONCELLO DE TEO

SUBVENCIÓN ACTIVIDADES DE IGUALDADE

ANO 2026

ANEXO V- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

XUSTIFICACIÓN DE INGRESOS DA ENTIDADE		
ENTIDADE:		
CIF:		
NOME DA ACTIVIDADE:		
CONCEPTO	PROCEDENCIA	IMPORTE
Achega das persoas socias	Por cotas	€
Subvencións do Concello de Teo	Describir a procedencia	€
		€
		€
		€
Subvencións doutras administracións ou entidades públicas ou privadas	Describir a procedencia	€
		€
		€
		€
Outros ingresos (de ser o caso)	Describir a procedencia	€
		€
IMPORTE TOTAL		€

Teo, de de

A/O presidenta/e

A/O tesoureira/o

Teo, 4 de xuño de 2026

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz